

Estimada familia:

Diríxome a vostedes para anunciarlles a realización, nos días 10 e 11 de abril, na Comunidade Autónoma de Galicia, da **avaliación de diagnóstico** na que vai participar o seu fillo ou filla.

Trátase dunha avaliación de carácter anual que comeza este curso 2023-2024, dirixida a todo o alumnado de 4.º curso de educación primaria e 2.º curso de educación secundaria obrigatoria.

Non se trata dunha avaliación do alumnado, pois a avaliación será anónima e, polo tanto, non terá ningún efecto académico nin se reflectirá no expediente do alumnado.

O obxectivo desta avaliación non é outro que obter información valiosa sobre o sistema educativo e o grao de adquisición das competencias en cada centro, tomando como referencia o alumnado de toda Galicia. A partir da información que se obteña, os centros iniciarán un proceso de reflexión sobre a práctica educativa que terá por resultado o deseño de medidas transformadoras, orientadas á mellora dos resultados e integradas no plan de mellora de cada centro educativo.

A colaboración das familias é fundamental para achegar a este proceso información valiosa: por unha parte, solicitaráselles información sobre o seu fillo ou filla e o seu contexto social, económico, cultural e educativo, a través dun cuestionario. Por outra parte, será necesario que transmitan ao seu fillo ou filla a necesidade de actuar con responsabilidade, dedicando o máximo esforzo pola súa banda e intentando responder con rigor e seriedade, co obxectivo de que os datos que se obteñan sexan un fiel reflexo do seu grao de adquisición das competencias, a pesar de non teren ningún efecto académico.

A súa implicación e a do seu fillo ou filla verase correspondida co esforzo que realizarán a administración educativa e o profesorado, analizando os resultados e propoñendo actuacións de mellora que se poderán implementar con éxito grazas á calidade dos datos que se recaden.

Todos os datos recompilados son estritamente confidenciais, e non se revelará a identidade de ningunha persoa. O seu tratamento será anonimizado e con fins unicamente estatísticos.

Moitas grazas de antemán pola súa colaboración.

Reciba un cordial saúdo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

